

AS AUGAS

ÍNDICE

- O CICLO DA AUGA
- OS RÍOS
- OS LAGOS
- AS AUGAS SUBTERRÁNEAS
- OS GLACIARES
- AS AUGAS MARIÑAS
- A IMPORTANCIA DOS RÍOS E AS AUGAS MARIÑAS

O CICLO DA AUGA



1. A auga evapórase debido á calor.
2. O vapor de auga elévase, arrefría e condénsase formando as nubes.
3. O vento empurra as nubes.
4. A auga das nubes precipita.
5. A auga chega aos ríos e ao mar. Unha parte fítrase aos aquíferos.

A augas divídense en:

-Augas mariñas, compostas por mares e océanos. Son augas salgadas. Supoñen o 97% do total.

-Augas continentais. Divídense en:

-augas superficiais (xeo e neve dos glaciares, ríos e lagos).

-augas subterráneas.



GLACIAR PERITO MORENO



RÍO IANGTSÉ

O **río** é unha corrente de auga permanente.

As augas dun río discorren polo **leito**, que é a liña que se debuxa nos mapas.

O río fórmase no **nacemento**, e o lugar ata que chegan as súas augas é a **desembocadura**. Se un río desemboca nun lago ou no mar chámase **río principal**, e se desemboca noutro río chámase **afluente**.

O territorio que ocupan o río principal e os seus afluentes chámase **conca hidrográfica**.



O **curso** dun río é o percorrido desde o seu nacemento ata a súa desembocadura. Hai tres tramos:

- **curso alto**, desde o nacemento ata os seus primeiros quilómetros de percorrido. Zona con moita pendente, polo que as augas discorren rapidamente. O leito é estreito e profundo.

As augas escavan **desfiladeiros** ou **gargantas**. Nas zonas de desniveis o río forma **fervenzas**.

- **curso medio**, con menos pendente. Relevo máis chan, as augas van máis lentas. As augas xa non erosionan, senón que transportan materiais e forman curvas no trazado que se chaman **meandros**.

- **curso baixo**, máis caudaloso, debido á achega de auga dos afluentes. Os materiais que transporta o río forman **chairas aluviais**, que son terreos moi fértiles. Na desembocadura, fórmanse **esteiros**, onde se mestura a auga doce do río e salgada do mar, e **deltas**, de forma triangular debido á acumulación dos materiais que transportaba o río.

O **caudal** é a cantidade de auga que leva un río e varía coas estacións do ano.

-os ríos que teñen augas que proceden do desxeo das neves aumenta en primavera.

-os ríos que teñen augas que proceden das precipitacións aumentan o caudal nas épocas de chuvias.

Os **uadi** nos desertos, os **corgos** e **torrentes** en España só levan auga cando chove.

-se o caudal varía pouco ao longo do ano, o río ten un **caudal regular**.

-se o caudal varía moito, presenta un **caudal irregular**.

-se o río aumenta moito o seu caudal, orixina **enchentes** e inundacións.

-o caudal mínimo ou nivel máis baixo dun río recibe o nome de **estiaxe**.


Identificar a variación de caudal dun río

O gráfico de coeficiente permite identificar as variacións estacionais do caudal dun río ao seu paso por un lugar.

- Un **coeficiente maior que 1** indica un período de **augas altas**.
- Un **coeficiente menor que 1** indica un período de **augas baixas**.

No eixe de ordenadas representáanse os coeficientes. Estes varían entre 0 e 3.

A liña vermella sinala o caudal medio anual.



A liña azul indica o caudal mensual.

No eixe de abscisas representáanse os meses do ano.

22. Río Cinca ao seu paso por Fraga.

OS LAGOS

Un **lago** é unha masa de auga que se acumula de forma permanente no interior dos continentes. Se é pequeno, é unha **lagoa**, se é de auga salgada, é un **mar interior**.

O **Mar Caspio** é o lago máis extenso do planeta, aínda que a súa auga é salgada.


O **Baikal** é o lago máis profundo do mundo.

Os **Grandes Lagos**: Ontario, Erie, Hurón, Michigan e Superior.



Lago Vitoria, en
África

AUGAS SUBTERRÁNEAS




As **augas subterráneas** son as que discorren e están embolsadas baixo a superficie terrestre.

Orixínanse cando unha parte da auga da chuvia e dos ríos penetra na terra a través de rochas porosas ata que encontra unha capa de rochas impermeables. A auga embólsase formando **acuíferos**. Cando saen á superficie, fano en forma de **mananciais** (auga fría) e **fontes termais** (auga quente).

GLACIARES

Masas de xeo creadas pola acumulación de neve durante anos e que se despraza con máis ou menos rapidez. Cando os **glaciares** alcanzan o mar, rachan e forman **icebergs**. Os glaciares poden formarse nos casquetes polares, ou ben no cumio dalgunhas montañas; nese caso son os **glaciares alpinos**. Partes:

- circo**: depresión rodeada de montañas onde se acumula o xeo.
- lingua**: masa de xeo que descende pola ladeira.
- morenas**: fragmentos de rocha que transporta a lingua.



AS AUGAS MARIÑAS

Os **océanos** son grandes extensións de auga salgada que separan os continentes.

Os **mares** son extensións de auga salgada máis pequenas e de profundidade inferior a 200 metros.

- as **correntes mariñas** son desprazamentos de grandes masas de auga que circulan polos océanos. Cando a temperatura desa auga é superior á das augas próximas temos unha **corrente cálida**. Cando é máis fría, trátase dunha **corrente fría**.


- as **mareas** son subidas e baixadas diarias do nivel do mar, provocadas pola atracción da Lúa e do Sol. Cando o nivel do mar sobe, é a fase de **marea alta ou preamar**; cando baixa, é a fase de **marea baixa ou baixamar**.

- as **ondas** son ondulacións do mar producidas polo vento.

O movement das correntes mariñas represéntase mediante frechas.

O arranque da frecha indica a orixe da corrente mariña.

A punta da frecha marca a dirección e o lugar de destino da corrente mariña.



A IMPORTANCIA DE RÍOS E AUGAS MARIÑAS

O aproveitamento das **augas dos ríos** é múltiple:

- constrúense encoros, canles para abastecer de auga á poboación e á industrias, e para regar os campos de cultivo.
- son **vías de comunicación**.
- levántanse **presas e centrais hidroeléctricas** para producir enerxía eléctrica.
- atraen ao **turismo**.

As **augas mariñas** son vitais para as persoas:

- son **fonte de alimento**. A pesca de peixes e mariscos é básica.
- son **fonte de materias primas e enerxía**. Os fondos mariños conteñen gas natural e petróleo, o sal explótase nas salinas e a forza das ondas e mareas emprégase para xerar enerxía.
- atraen **turismo**.
- son unha **vía de comunicación**, esencial para o transporte de mercadorías.